

ANUNCIO

ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DATA: 11.04.02024

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO CAMPAMENTOS DE VERÁN 2024

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ao servizo de campamentos de verán do ano 2024 nas seguintes modalidades:

- Minicampamento de aventura: para nados e nadas en 2013,2014 e 2015.
- Campamento de Mar: para nados e nadas en 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

Os pais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos aos que se refire o artigo anterior.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada campamento é:

Minicampamento de aventura	130 €
Campamento de Mar	195 €

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición no campamento. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez finalizado o prazo de presentación de inscricións e previamente ao comezo do campamento.

Artigo 5. Devolución de ingresos

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado o campamento.
2. Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa de enfermidade.

Artigo 6. Lexislación aplicable.

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Vedra, 15 de abril de 2024

O Alcalde (documento asinado dixitalmente)